

# Xornada ' Tecendo Redes'

**Impulso dun ecosistema emprendedor na economía social – No marco de Compostela Móvese 2022**

Concello de Santiago de Compostela – Unión de Cooperativas EspazoCoop

## Data e horario

- Mércores **20 de xullo** de 2022
- De 10 a 14 h.

## Lugar

- Online
- A través da plataforma Zoom

## Organiza e coordina

Unión de Cooperativas EspazoCoop  
981 57 55 78 - [www.espazo.coop](http://www.espazo.coop)

## [ Presentación ]

A xornada técnica **Tecendo Redes para o Emprendemento na Economía Social** é unha actividade do programa de colaboración que EspazoCoop realiza co Concello de Santiago de Compostela durante 2022.

Está **dirixida a persoas que realizan labores de recomendación, orientación e asesoramento ao emprendemento da área de Santiago.**

Busca **conformar e reforzar redes de traballo** entre as persoas e entidades do ecosistema prescriptor, **dinamizar o traballo colaborativo e pór en valor servizos e recursos** que xa existen para o emprendemento no ámbito do cooperativismo e a economía social.

Esta liña de traballo do programa, Tecendo Redes, alén desta Xornada, **realizará unha serie de visitas** a entidades do ecosistema de traballo a prol da economía social do municipio de Santiago, para acadar os obxetivos.

### Finalidade e obxetivos

- Impulsar un ecosistema emprendedor no ámbito do cooperativismo e a economía social na contorna de Santiago de Compostela.
- Xerar un espazo de coñecemento recíproco para a concreción de accións de colaboración entre as persoas e entidades prescriptoras.

- Dar a coñecer e compartir ferramentas, boas prácticas e experiencias que favorezan a divulgación e consolidación dos procesos de emprendemento en cooperativa e na economía social, que axuden a mellorar as funcións que se realizan.

- Achegar ás persoas e organizacións prescriptoras de emprego e emprendemento, as especificidades, características e vantaxes do emprendemento cooperativo e da economía social.

### Programa da Xornada 'Tecendo Redes'

**Presentación** | Convenio de Colaboración 2022 'Impulso dun ecosistema emprendedor na economía social', entre o Concello de Santiago de Compostela e a Unión de Cooperativas EspazoCoop.

**Coñecernos** | Presentación de organizacións participantes na xornada.

**Identificación de necesidades** | Concreción de necesidades nos procesos de recomendación e prescripción para o emprendemento en cooperativa e na economía social das entidades participantes. O **papel da cooperación e as Redes** para cubrir as necesidades.

**Presentación de ferramentas, boas prácticas e experiencias** | Favorecer a divulgación, cooperación e consolidación dos procesos de emprendemento dende fórmulas cooperativas e de economía social.

**Identificación de accións para favorecer unha Rede de colaboración** | Concreción para impulsar Rede nos procesos de emprendemento en cooperativa e na economía social.

**Conclusións e Peche** da Xornada.

### Destinatarias

De forma preferente a Xornada está destinada a :

- Persoas e entidades participantes nos cursos de teleformación de prescriptoras para un ecosistema emprendedor na economía social, organizados por EspazoCoop nas súas edicións 2021 e 2022, localizadas no

municipio de Santiago de Compostela.

- Outras entidades prescriptoras localizadas no municipio de Santiago de Compostela.

### Inscripción e información

**Inscripción:** a través do seguinte formulario en liña [preme aquí](#)

**Información:** Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop  
986 866 149 – [ramon@espazo.coop](mailto:ramon@espazo.coop)

**Saber máis:** a través da nova relacionada do Programa de colaboración entre o Concello de Santiago e EspazoCoop 'Impulsando un Ecosistema Emprendedor na Economía Social' [preme aquí](#)